

## INFORMACIÓN MESA SECTORIAL

Mesa Sectorial de 7 de abril de 2011

### Convocatoria da Oferta de Emprego Público

#### Datas:

⇒ **Publicación da convocatoria: 11 de abril**

A CIG-Ensino reclamou que a convocatoria se realizase despois da Semana Santa o que garantiría que un maior número de profesoras e profesores se puidese acoller ao informe. Ante a negativa da Consellaría reclamou que fosen vinte días hábiles, mais a Consellaría respondeu que pola normativa básica teñen que ser naturais.

⇒ **Prazo de matrícula: do 12 de abril ao 2 de maio (20 días naturais).**

⇒ **Requisito para acollerse ao informe: 180 días traballados.**

#### Prazas convocadas:

A CIG-Ensino comezou a súa intervención facendo constar o noso **rexeitamento a esta cativa oferta** de emprego, especialmente porque quedarán moitas prazas sen cubrir. Hai 1200 xubilacións, hai marco xurídico para facer unha convocatoria máis ampla, pois a Lei de orzamentos de Galiza prevé que se poidan cubrir o 100% das vacantes por xubilación LOE e a oferta feita pola Consellaría nin sequera o 30% da taxa de reposición fixada a nivel estatal.

*A Consellaría responde que foi requirida polo Estado para o cumprimento da normativa básica, aplicando unha taxa de reposición do 30%, e que iso é o que se convoca. Ademais engaden que recibiron instrucións de que esa taxa de reposición era referida ao ano 2010 e iso foi o que aplicaron matematicamente.*

A CIG-Ensino, ante esta resposta da Consellaría, preguntoulle novamente porque se fixo esta aplicación restritiva, mentres outras Comunidades convocan máis do 30% de prazas. A Consellaría non respondeu

A CIG-Ensino, considerando a escasa oferta realizada, propuxo que as prazas asignadas á quenda de discapacitados e ao grupo A2, no caso de non ser cubertas, se acumulasen ás libres. *A Consellaría respondeu que a lexislación non permite realizar esa acumulación e que as prazas que non se cubran acumúlanse á convocatoria do ano seguinte.*

#### Proba en galego:

A CIG-Ensino esixiu a realización das probas na nosa lingua. Consideramos que, cando menos, unha parte da proba debe realizarse no noso idioma e que a programación debe presentarse na nosa lingua. Ter o celga 4 non significa que se estea capacitado para dar aulas na nosa lingua, realizar a proba, ou unha parte da proba, en galego si demostra que se ten a competencia. *A Consellaría négase a aceptar a nosa proposta.*

## INFORMACIÓN MESA SECTORIAL

### **Demanda dun acordo de estabilidade:**

A CIG-Ensino, considerando que estamos no último ano do período transitorio, iniciou na necesidade de que se negocie un **acordo de estabilidade** que permita, nos próximos anos, ter estabilizados os cadros de persoal, o que é bo para o profesorado afectado e para os centros.

### **Obrigatoriedade de presentarse por calquera das especialidades das que se é titular:**

A Convocatoria recolle que o profesorado está obrigado a presentarse por calquera das especialidades das que é titular e polas que figura en distintas listaxes de substitución. A CIG-Ensino reclamou que aquelas persoas que imparten unha especialidade distinta de Infantil e Primaria, se non se presentan por unha destas especialidades, soamente decaían da listaxe da especialidade pola que non se presentaron, manténdose na listaxe da materia en que están traballando. É dicir, que se unha persoa imparte unha especialidade e ao mesmo tempo figura na listaxe de primaria e, por tanto, está obrigada pola convocatoria a presentarse por primaria, que se non o fai, decaía exclusivamente da listaxe de primaria, continuando na da especialidade na que está traballando. Tal e como está redactado, o texto da convocatoria permite entender que se non se presenta ás oposicións por unha desas especialidades decae de todas as listaxes, polo que reclamamos que se especifique na convocatoria que só decaerá da listaxe da especialidade á que non se presentou.

A CIG-Ensino insistiu en que non é correcto manter o texto da convocatoria tal e como está e que non nos vale con que se diga que se interpretará como nós propoñemos, queremos que figure na convocatoria para evitar recursos posteriores. *A Consellaría mostrou a súa disposición a aceptar a nosa proposta, mais dixo que o faría se todas as organizacións sindicais manifestaban a súa conformidade. CCOO e ANPE non manifestaron esa conformidade coa proposta polo que a Consellaría dixo que, en todo caso, o estudaría.*

### **Programación e Unidade didáctica:**

Propoñemos que se recolla que a Unidade didáctica para poder acollerse ao informe se poderá realizar de calquera das materias que imparte esa especialidade. Hai que mellorar a redacción dese apartado.

No caso de Deseño de interiores que programación teñen que presentar? Polo novo sistema ou polo anterior? O normal é que se lle dera a opción. *A Consellaría responden que poden facelo tanto dos plans antigos como dos novos, independentemente do que impartan, sempre sobre os módulos atribuídos á súa especialidade.*

### **Exclusións:**

A CIG-Ensino propón que no canto de excluír ao participante, o mellor sería puntuar con cero a programación. Deste xeito evitaríanse moitos problemas, xa que a exclusión ten consecuencias, e non parece xusto excluír a alguén porque puxo unha liña de máis.



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

---

### **Marcas e anonimato:**

Sabendo que esta decisión queda ao arbitrio do tribunal, habería que concretalo máis. Por exemplo, pode entenderse como unha vulneración do anonimato escribir en dúas cores? Non pensamos que cuestións coma estas sexan marcas para vulnerar o anonimato. Propoñemos que se dean instrucións aos tribunais. *A Consellaría responde que o mellor é deixar a redacción como está porque agora non está dando problemas.*

A CIG-Ensino propuxo un ano máis que non se usen número correlativos nas etiquetas porque pode vulnerar o **anonimato**. *A Consellaría respondeu que xa dera instrucións o ano pasado para que así se fixese, e que o seguirá facendo.*

### **Publicidade da puntuación de cada unha das partes:**

A CIG-Ensino esixiu que se recolla no texto da convocatoria, para coñecemento de todos os participantes, que a lectura das notas de cada parte é pública e é un dereito dos opositores e opositoras estar presentes nela, se así o desexan.

### **Funcionarios e funcionarias en prácticas:**

A CIG-Ensino reclamou que a data de **nomeamento** dos funcionarios e funcionaras en prácticas debe ser o 1 de setembro, e non a data que se estableza para o inicio do período lectivo.

Tamén propuxemos **que se elimine que o inspector poderá avaliar o profesorado** na propia aula. Pensamos que non debe recollese porque o profesorado en prácticas ten un titor que é quen, en todo caso, ten que trasladar a súa opinión sobre as prácticas que está a realizar.

Respecto das **comisións de avaliación do profesorado en prácticas**, a CIG-Ensino propuxo que sería bo que se unificaran entre as diferentes xefaturas os criterios para avaliar o profesorado, xa que hai diferenzas

### **Titulacións e especialidades en Artes Plásticas e Deseño:**

En relación ao anexo 6, a CIG-Ensino propón que se recolla tamén a titulación de Publicidade e deseño, pois polo plan de estudos que teñen o lóxico é que estas persoas tamén poidan ter a titulación de Deseño gráfico.

**Cambio de especialidade en Artes Plásticas e Deseño:** hai profesorado que está impartindo Deseño de interiores, que procede de Debuxo artístico e agora son de Xeometría descritiva. Dese módulo a penas hai alumnado, este profesorado se quere cambiar de especialidade ten que pasar polo mesmo procedemento ca outro profesorado, cando son eles os que elaboraron o plan de estudos, imparten a materia ou mesmo forman parte dos tribunais. Habería que arbitrar un sistema para estudar estes casos, é moi pouco profesorado e parece que sería máis correcto un proceso de adscrición como en Secundaria ou facilitar que pasen como funcionarios de carreira a esa especialidade. *A Consellaría responde que o Real Decreto de 2002 crea novas especialidades e establece as equivalencias coas novas especialidades. Nese Real Decreto recollíase un proceso de adscrición. En todo caso, a Consellaría manifestou que non vai sacar a concurso vacantes que poidan repercutir na perda de carga horaria para este profesorado.*

**PARA MÁIS INFORMACIÓN: [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)**



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

---

**Tribunais:** A CIG-Ensino reclamou:

- que se faga un esforzo para que cada especialidade actúe na mesma localidade. Neste tema hai que mellorar que cando hai persoas que non caben no tribunal e teñen que ser desprazados a outra provincia, sempre lle toca aos mesmos, os apelidos do final, propoñemos que se faga de xeito aleatorio para que non resulten prexudicados sempre os mesmos. *A consellaría aceptou a nosa proposta e informou de que elaborará un sistema para que isto non suceda.*
- Débese mellorar moito a actuación dos tribunais: deben informar dos criterios de avaliacións e mesmo entregar esa información por escrito, deben aceptar todo tipo de reclamacións e deben respondelas.
- Continuamos defendendo que todos os membros sexan a sorteo, tamén os presidentes, porque logo a comisión está constituída por polas persoas designadas pola Consellaría, e isto de democrático ten pouco. Se os presidentes non son a sorteo, que o sexan os membros da comisión, ou, cando menos, por elección entre os propios membros dos tribunais.
- Non entendemos que se recolla que os inspectores poderán estar nos tribunais, hai profesorado especialista, e quen estea no tribunal debe ter a especialidade.
- Mellórase que non teñan que formar parte dos tribunais quen formou parte deles nos últimos tres anos (de acordo coas propostas feitas pola CIG-Ensino en convocatorias anteriores).
- Porcentaxe xénero: téñase en conta o caso de especialidades como Infantil en que a porcentaxe de homes pode ser inferior mesmo ao 10%. Nun caso coma este debería aplicarse unha porcentaxe de xénero semellante a da proporción existente entre as e os docentes. *A Consellaría manifesta que lle vale a nosa proposta. Que comprobarán se, informaticamente, é posíbel introducilo a estas alturas.*
- Canto ao número de aspirantes, cada tribunal non deberían examinar a máis de 90 persoas, pois esta é a mellor maneira de desenvolver o traballo en beneficio de todos.
- É un avance que para o informe se explicita o dos 180 días e que non haxa que estar traballando os mesmos días da convocatoria. Insistimos en que computen os permisos de maternidade como días efectivos de traballo.
- Os tribunais non deberían coñecer a puntuación dos aspirantes no concurso, isto soamente se pode conseguir se non se publican con anterioridade, este ano cunha convocatoria tan reducida, debería de poder facerse.

**Baremo:** A CIG-Ensino manifestou:

- No baremo compróbase a contradición desta Administración, á CIG-Ensino non se nos homologa un curso de 50 horas e esta convocatoria recolle distintos módulos de formación, de trinta, cincuenta ou máis de cen horas. Estase impedindo que aquí se poidan facer cursos de máis de 30 horas e logo puntuáanse... quen firma isto é a Consellaría, como se pode valorar algo que ao mesmo tempo se impide realizar?
- Propoñemos que os cursos se valoren asignando unha puntuación por cada dez horas, sen establecer diferenzas por tramos.
- Pensamos que é unha inxustiza que non se valore o celga 4 e si se valoren as certificacións de iniciación e perfeccionamento, debe modificarse.

**PARA MÁIS INFORMACIÓN: [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)**